

► Os doce concellos integrados no Plan de Competitividade Turística buscan atraer outros perfís de turista.

Redacción

Montañas, bosques e vales converten o territorio "Puertas de Galicia Verín-Viana" nun dos territorios bioxeográficamente máis ricos da Península Ibérica, cunha gran diversidade de fauna e flora, é dicir, nun paraíso para naturalistas. Pero ademais dos profesionais, os doce concellos integrados no Plan de Competitividade Turística abren a súa gran diversidade de recursos, culturais e naturais á visita de calquera perfil de turista.

De cara á posta en valor do xeodestino Verín-Viana, deseñaron dúas rutas en automóbil que permiten coñecer a natureza e biodiversidade deste territorio máxico. En concreto, trátase da "Ruta do Val do Támega" e da "Ruta das Terras Altas".

O primeiro itinerario percorre toda a lonxitude deste río que tributa as súas augas ao Douro e unión natural co val de Monterrei ata a súa entrada en Portugal. Precisamente, nos socalcos do Támega maduran as uvas que dan fama á D.O Monterrei que envellece nas adegas familiares. Os propietarios, e anfitrións, prestaranse a visitas comentadas e catas deste viño.

O imponente castelo de Monterrei, o recinto fortificado máis grande de Galicia situado sobre un promontorio de máis de 500 metros, é o símbolo por excelencia destas terras e punto de visita obrigada antes de entrar na capital comarcal. En Verín encóntranse os afamados mananciais de Cabreiroá, Sousas, Fonte do Sapo, Caldeñas e Fontenova.

Ruta pola zonas altas



Cascada en Vilardevós. /PUERTAS DE GALICIA.

(Lugar de Interese Comunitario) Pena Maseira, un pico que fai fronteira con Portugal e Zamora; ou A Gudiña, parada estratéxica no antigo Camiño de Castela e onde aínda pervive o seu carácter de servizos ao viaxeiro. Aquí aséntanse dúcias de aloxamentos e restaurantes que serven a tenreira destas terras e que, ao igual que o resto de locais integrados na Asociación de Profesionais do Turismo e Hostelería "Puertas de Galicia", manteñen ata finais de marzo unha oferta gastronómica con menús entre 20 e 35 euros, e escapadas en aloxamentos rurais de varias categorías dende 65 euros.

A Serra do Invernadeiro, o núcleo medieval de Viana do Bolo, o Castro de Sa-

► Plan de Competitividade

O Plan de Competitividade "Puertas de Galicia" está promovido polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio; a Secretaría Xeral para o Turismo da Xunta de Galicia e os concellos de Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oimbra, Riós, Verín, Vilardevós, A Gudiña, A Mezquita, Viana do Bolo e Vilarinho de Conso, integrados na Asociación de Municipios para o Plan de Competitividade Turística das comarcas de Monterrei e Conso-Frieiras, así como pola Asociación de Empresarios do Turismo e Hostalería "Puertas de Galicia".